



CAMPO DE VOLUNTARIADO “GLACIAR DO CENZA” (VILARIÑO DE CONSO-OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
19-30/07/2021	18-30	Estatal	Medioambiental	12

LOCALIZACIÓN

O concello de Vilariño de Conso está situado no sudeste da provincia de Ourense, ás faldas orientais da Serra da Queixa e O Invernadoiro e é nos arredores do Parque Natural do Invernadoiro onde se proxecta este campo.



DESCRICIÓN

A proposta de traballo vai encamiñada á conservación do medio, difusión e posta en valor dos recursos etnográficos e patrimoniais dos que existe unha ampla representación no concello.

As persoas participantes obterán unha experiencia vivencial actuando na recuperación dos recursos etnográficos da zona, así como coñecer as tradicións da man das veciñas que levan transmitíndoas de maneira oral durante xeracións.

No glaciar faranse traballos de limpeza e acondicionamento das rutas de sendeirismo, a renovación de cartelería e a sinalización dos sendeiros, así como o labor divulgativo da importancia deste glaciar.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Praia fluvial de Vilariño de Conso.
- Visita á morrena glaciar e á Fervenza do Cenza.
- Obradoiro de pan nun forno comunal e cociña tradicional.
- Xeolocalización nocturna.
- Obradoiro de coiro, barro e pintado de camisetas



- Piragua e rutas en bicicleta
- Excursión ao Parque do Invernadoiro
- Visita ao Museo Etnográfico de Vilariño de Conso

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo.

COMO CHEGAR

A mellor maneira de chegar a Vilariño de Conso é a través da Gudiña. A Gudiña ten estación de tren (www.renfe.es).

Dende Santiago, Ourense ou dende Vigo tamén se pode chegar en autobús con www.monbus.es.

Para conectar A Gudiña con Vilariño de Conso (www.atvisa.es)

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Colexio público de Vilariño de Conso.

INCORPORACIÓN

A partir das 14.00 h do primeiro día do campo, no colexio público de Vilariño de Conso.

Se a viaxe é en transporte público ata A Gudiña, dende alí ata Vilariño hai tres frecuencias diarias de transporte.



IMPORTANTE: É necesario comunicar por correo-e a hora de chegada á Gudiña para coordinar o traslado a Vilariño de Conso se fose preciso.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida



CAMPO DE VOLUNTARIADO “GLACIAR DO CENZA” (VILARIÑO DE CONSO-OURENSE)

incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos informes médicos pertinentes e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.



EQUIPO ACONSELLABLE

- Saco de durmir e esteira
- Traxe de baño ou toalla de baño e de ducha
- Chancletas de ducha
- Gorra para o sol e protector solar
- Aseo persoal
- Mochila pequena para as rutas
- Calzado cómodo e impermeable
- Roupas de abrigo, para a choiva
- Roupas e calzado de traballo

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

www.facebook.com/xuventude.net

Servizo de Xuventude (Ourense). Tel.: 988 386 116

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da D. X. de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de voluntariado, ocio e tempo libre, actividades, formación...